

CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello s/n.

27240 Meira (Lugo)

Teléf/.: 982 330 102

Fax.:982 104 090

CIF: P2702900H

Enderezo electrónico: concello.de.meira@cidolocal.es

ACTA DE APERTURA DA DOCUMENTACIÓN E EXAME DAS PROPOSICIÓN, DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO E TRAMITACIÓN ORDINARIA, PARA A SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO AO CONCELLO DE MEIRA.

O día 15 de febreiro de 2023, ás 18:00 horas na Casa do Concello de Meira, e de acordo co disposto no Prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas, e segundo resolución da alcaldía núm. 86/2023, de data 13 de febreiro de 2023, reúnese a mesa de contratación que está integrada por:

Presidente: Agustín Méndez Moirón (concelleiro-Primeiro tenente de alcalde deste concello)

Vogais: Jesús Bouza Fernández (arquitecto municipal)

Pilar Rozas Alonso (secretaria-interventora accidental deste concello)

Manuel Carramal Silva (funcionario de Administración Local)

Secretario: Mercedes Fernández Moirón (funcionaria deste concello)

De acordo coa cláusula 19-.Apertura de documentación e exame das proposicións, do Prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación, e unha vez rematado o prazo para presentación de proposicións, reúnese a mesa de contratación para proceder en primeiro lugar ao exame da documentación incluída no sobre “Único” e relativa á documentación administrativa, en sesión non pública, presentándose a seguinte oferta:

-Stellantis & You España, S.A., oferta presentada o día 9 de febreiro de 2023, con número de rexistro de entrada 276.

A Mesa de Contratación procede a examinar a documentación presentada pola única empresa licitadora, presentando a documentación correcta (declaración responsable e documento no que consta a dirección de correo electrónico, fax, teléfono etc., onde remitir as comunicacións de ser o caso).

Ao presentar a única licitadora a documentación correcta, e de acordo co punto 19.1 do prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación, procédese a valorar os criterios avaliados de xeito automático, en acto público.

Valoración dos criterios sometidos a aplicación de fórmulas matemáticas (ata 100 puntos)

Licitador	Redución do prazo de entrega do vehículo (Ata 15 puntos)	Ampliación do prazo de garantía (Ata 15 puntos)	Prezo ofertado (Ata 70 puntos)
Stellantis & You España, S.A.	5	15	70

